

**Área: Servizos Médicos****Circular nº 02 - Temp. 22/23**

## RECOÑECIMENTOS MÉDICOS TEMPADA 22/23

Co fin de axilizar e axudar no proceso de tramitación de licenzas federativas aos nosos clubs, e como xa levamos a cabo na pasada tempada, a Federación Galega de Balonmán dende a Área de Servizos Médicos, facilitará a realización dos certificados médicos aos xogadores/as, técnicos e árbitros/as de cara a tempada 22/23, desprazando a un equipo facultado a cada localidade para proceder coas probas médicas pertinentes. Lembramos que na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada no 2019 no mes de xullo, aprobouse a proposta por parte da FGBm de que non se esixa o certificado médico aos deportistas para tramitar as licenzas nas categorías prebenxamín, benxamín e alevín (agás os/as xogadores/as que participen con categoría infantil); nas categorías anteriormente citadas será suficiente cunha autorización familiar para a tramitación das mesmas. Dende a FGBm aconsellamos que aínda que non sexa de carácter obrigatorio o certificado médico, recomendamos que na medida do posible todos/as os/as xogadores/as pasen un control médico que acredite a súa aptitude para xogar ao balonmán.

### REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA A SOLICITUDE DO SERVIZO

- Un mínimo de 40 xogadores/as (consultar se o número é inferior).
- Dispor dunha sala independente onde poder realizar as diferentes probas aos/as deportistas. Máscara obrigatoria para o acceso á realización da proba.
- Os/as deportistas ou os pais, nais ou titores legais (no caso de menores de idade) deben realizar un documento pre-certificado que incluíra a autorización familiar e os antecedentes médicos familiares e persoais de cada xogador/a. Este documento debe ser entregado a persona responsable dos servizos médicos que acuda á proba médica. (Dito documento a cubrir será facilitado pola FGBm aos clubs nos días previos a proba).
- prezo por certificado médico é de 16€/persoa e facturárase directamente ao club.

### O CERTIFICADO ACREDITARÁ

Antecedentes médicos (persoais e familiares) aportados no documento que se entrega previamente a cada xogador/a.

- Exploración cardiorrespiratoria (con auscultación completa, TA, FC e pulsos periféricos).
- Exploración do aparato locomotor.
- ECG en repouso

### SOLICITUDE DO SERVIZO

Todos os clubs interesados en facer uso deste servizo deben enviar un mail a [servizosmedicos@fgbalonman.com](mailto:servizosmedicos@fgbalonman.com) **antes do luns 8 de agosto ás 20:00h**. Unha vez revisadas todas as solicitudes, a FGBm fixará a data de visita para cada club.

É importante que se respecte a data máxima de solicitude (8 de agosto de 2022); de non ser así, a FGBm non garantirá a realización do servizo.

En Vigo, a 29 de Xullo de 2022